

NOME DA ACTIVIDADE (Ficha profesorado)

- **Mira para min**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE DESINHIBIÓN**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **EN GRUPO**

DURACIÓN

- **MENOS DE 20 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Habilidades comunicativas.
- Novos espazos e canles de comunicación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado sexa quen de comunicarse coas e cos participantes.
- Que o alumnado sexa quen de rachar coa unidireccionalidade da comunicación verbal.
- Que o alumnado sexa quen de aumentar a escoita activa e mellorar a comunicación non verbal.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Neste exercicio preséntanse diferentes contextos ou situacións comunicativas e as posibles respostas, expresións ou frases que poden xurdir deste contexto.

Pero hai un pequeno problema, todo está desordenado, así que a actividade consiste en que os alumnos organicen os contextos coas posibles solucións comunicativas.

MATERIAIS PARA A FICHA

### **Contextos comunicativos**

#### **Alegría**

Unha persoa bota un berro de alegría no medio dunha misa. Está escoitando un partido de fútbol e o seu equipo acaba de marcar un gol.

#### **Timidez**

**Timidez**

Unha persoa chega a unha festa, pero é moi tímida e non sabe se é aí onde a convidaron.

**Pracer**

Nunha mesa están sentados varios comensais, é unha mesa onde se reuniron para falar de traballo pero os pratos están... mmm

**Pánico**

Estades nun ascensor, subindo a vosa oficina, cando de súpeto párase o ascensor coma se estivera avariado, está cheo de xente e a situación é moi agobiante.

**Medo**

- Ides nun coche varias persoas, cando de súpeto quédase sen freos e menos mal que non conducides moi rápido.

**Desgraza**

Acábanlle de tocar moitos cartos a un equipo de traballo pero o compañeiro que ten o décimo de lotería deixouno nun pantalón e foi para a lavadora. Todo está perdido

**Descomposta**

Ides celebrar o aniversario dunha amiga; tendes preparada unha sorpresa pero chega cunha mala nova e todo se estropea.

**Concentración**

Antes dun partido a calquera deporte de quipo, estades escoitando as últimas instrucións e todo o mundo amósase moi concentrado.

**Tristeza**

Un grupo de amigos (ou dous); estades vendo unha película que ten un final moi tristeiro, todo acaba moi mal.

**Susto**

Chegas a casa despois de traballar, e os amigos estante esperando para darche unha sorpresa, pero cando entras berran todos a un tempo e levas un susto de morte.

## Posibles frases ou respostas aos contextos

- Perdón, é aquí a festa de X...
- Desculpade, estou buscando a festa X...
- Sabedes se esta é a festa de X...

- Síntoo moito...
- Desculpade...

- Espléndio, que será isto tan delicioso...
- Alguén sabe que é isto que estamos comendo...
- Faría o favor de pasarme a receita do cociñeiro... moitas grazas

- Acougade todos, pronto todo volverá á normalidade...
- Non pasa nada, mantede a calma, seguro que so serán uns intrres...

- Tede coidado, non vos movades...
- Procurade agarrarvos e tranquilos que non pasa nada...

- Mimá! Vaia susto...
- Metéstesme o susto no corpo!...
- Case me dá algo, estades loucos ou que!...

- Sentímolo moito, calquera cousa que precisés...
- Non te preocupes, non a ser nada...

- Vaia metedura de zoco...
- Desculpade metín os pés polas mangas...
- Cagáchela ben cagada...

- Non me gustou nada iste final...
- Foiche ben triste a historia...
- Morra o conto, imos tomar algo...

- Veña, ánimo e adiante...
- Todo o mundo concentrado, seguidе así...